

Escritores no Camiño

[Ruta da Vía da Prata](#)



Peliqueiro



Ruta da Vía da Prata

250 kms

A Vía da Prata aproveita a ruta trazada pola calzada romana que unía o oeste peninsular de sur a norte para converterse desde a invasión musulmá nun vehículo de transmisión do cristianismo e camiño a través do que chegar a render culto ao apóstolo Santiago desde terras andaluzas e estremeñas. Esta ruta de peregrinación entra en territorio galego pola [Mezquita](#), sendo a que máis kilómetros suma na comunidade.

Un dos episodios históricos máis recordados é que foi empregada por Almanzor para alcanzar e saquear Santiago a finais do século X, personaxe sobre a que **Blas Infante** escribiu nos anos 20 do pasado século na obra *Almanzor*, drama histórico incompleto, e o camiño utilizado para levar como botín as campás da catedral compostelá ata Córdoba.

En Galicia hai unha rica tradición de lírica oral que se canta, recita e incluso se acompaña de danza e que tivo o seu máximo esplendor nos séculos XVIII e XIX. Nunha das primeiras poboacións desta ruta, A Mezquita, hai un magnífico exemplo desta forma de literatura, a Danza das Cintas de Cádavos, na que se mesturan as connotacións de crítica política e social co carácter relixioso, xa que acompaña a unha procesión de imaxes de santos na que cada bailarín recita uns versos mentres usan unhas cintas de cores durante o baile.



Praza Maior de Ourense



Tras A Mezquita, serán **Oímbra** e **Laza** os destinos do viaxeiro no seu camiño a Compostela. A zona está influenciada pola tradición da literatura oral, tal e como se reflicta na obra *Xuramento dun galego*, escrita por **Ramón Alfonso González**, poeta e columnista do diario La Región, onde firmaba como Ramón de Videferre, nome da súa aldea natal. Sobre **Laza** e as aldeas que a rodean narrou diversos episodios **José Alonso Obregón** na súa novela *Na miña aldea*, compaxinando o seu labor como sacerdote coa súa faceta de escritor, colaborando con periódicos como *El Compostelano* ou *Heraldo de Galicia*. Será na mencionada novela onde se recolla un dos acontecementos máis destacados da zona, a celebración do Entroido de Laza, declarada festa de interese turístico. Nela, os peliqueiros, perso-

naxes de orixe ancestral que percorren as rúas do lugar impondo a súa lei, ataviados con caretas, chaquetas, pantalóns, zamarras e chocas, que colgan das súas cinturas que producen un forte estrondo ao seu paso. O conxunto resultante, moi vistoso, é froito dun delicado labor de artesanía.

A Vía da Prata prosegue por terras de **Xunqueira de Ambía**, onde se pode visitar a Colexiata de Santa María, datada no século XII, que alberga un valioso órgano do século XVIII realizado polo lutier compostelán Manuel González Maldonado. A localidade celebra neste enclave o seu Ciclo de Órgano e Festival de Música Antigua, no que se interpretan cantigas medievais. O Camiño chega á cidade de **Ourense**, que posúe unha gran tradición literaria,

Animámosvos a percorrer Ourense desde unha ollada literaria e creativa. A cidade dispón dunha ruta con tintes moi literarios na que poder coñecer curiosidades sobre escritores, localizacións nas que se desenvolven algunhas escenas de novela ou onde estaban ou estiveron os diarios e revistas que contaron a través das súas crónicas o devir histórico da cidade. Neste enlace web atoparedes toda a información para programar un circuito polo Ourense das letras: <https://www.turismo-deourense.gal/agrupacion/ruta-del-ourense-literario/>



habitada por escritores da talla de **Valentín Lamas Carvajal**, **Filomena Dato**, **Xosé Luis Méndez Ferrín**, **Vicente Risco**, **Manuel Curros Enríquez**, **Ramón Otero Pedrayo**, **José Ángel Valente**, **Eduardo Blanco Amor** ou **Florentino López Cuevillas**, entre outros. Dous dos movementos máis importantes da literatura galega, o Rexurdimento e a Xeración Nós tiveron unha importante relación coa cidade das Burgas a través dos seus protagonistas.

Cunha obra baseada no realismo social, **Manuel Curros Enríquez** formaría parte na segunda metade do século XIX do movemento do Rexurdimento. Títulos como *O divino sainete*; *A Virxe do Cris-*

tal, co que gañaría un certame poético en Ourense en 1877 e cuxa imaxe se venera no santuario homónimo da ourensá localidade de **Celanova**; *Aires da miña terra* ou *Cartas del Norte* completan unha traxectoria literaria que compaxinou coas súas colaboracións con diarios como *La Tierra Gallega*, *Diario de la Marina* ou *El Imparcial*.

O Rexurdimento desenvolveuse no século XIX e recuperou a lingua galega como medio de expresión cultural tras varios séculos afastada dos medios oficiais e intelectuais. Considerárase que a obra *Cantares Gallegos*, de **Rosalía de Castro**, é o título co que se inicia este movemento cultural do que formarán



«Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero Garía, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallao. Tamén Baldomero García viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo polas portas, cunha blusa azul curta, cirigolas e chapeu coma o dos charros de Salamanca. Era pequeno, feito de cordas e sarmentos, e tiña a gadoupa enguruñada, adoito para apañar as cadelas». Con esta descrición presenta **Risco** os protagonistas do *Porco de pé*, unha novela satírica ambientada nunha vila ourensá a comezos do século XX.

parte autores tan destacados como **Eduardo Pondal**, **Manuel Curros Enríquez**, **Valentín Lamas Carvajal**, **Marcial Valladares Núñez** ou o historiador **Manuel Murguía**. Será neste período cando se poñan en valor as cantigas medievais e se publiquen ensaios históricos e literarios, dicionarios ou compendios gramaticais.

Outro movemento decisivo para a historia cultural de Galicia sería o que o Grupo Nós, que editou en Ourense a revista *Nós*, desde 1920, na que participaron **Otero Pedrayo**, **López Cuevillas**, **Losada Diéguez** ou **Vicente Risco**. Foron estes intelectuais quen achegaron a cultura galega aos movementos de vangarda da primeira metade do século XX, e fortaleceron a propia tradición cultural e o idioma.

Animámosvos a ler *A Esmorga*, de **Eduardo Blanco Amor**, antes da visita ou durante a vosa estancia en Ourense e a buscar os enclaves que percorren os tres protagonistas da novela durante a súa troula. «O tempo cambiara outra



As cantigas medievais foron compostas por trobadores que creaban os versos poéticos que acompañaban de música. Quen as interpretaban eran os xograres. A temática pódese clasificar en cantigas de amor, nas que un trobador se dirixe á súa amada; cantigas de amigo, nas que unha muller se lamenta pola ausencia do seu amor; cantigas de escarnio, onde se fai unha crítica social de modo irónico e as cantigas de maldicir, onde a crítica é directa. O cancionero máis recoñecido é o que baixo o título *Cantigas de Santa María* escrito en galego-portugués e con anotacións musicais, se compuxo na corte do rei **Alfonso X o Sabio** durante o século XIII en honor á Virxe María.

vagada para frío. Nos arrabales no se vía alma viva... As casas de pallabarro», describe o autor unha noite de friaxe típica no Ourense invernal, aludindo os materiais cos que estaban edificadas boa parte das casas.

Tras deixar a cidade bañada polo Miño, chegaremos a outro epicentro do entroido ourensán, [Xinzo de Limia](#), onde naceu **Carlos Casares**, un dos autores máis destacados da literatura galega e española do século XX. Entre os seus títulos destacan *A galiña azul*, *Vento ferido*, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, *O sol do verán* ou *Deus sentando nun sillón azul*. Investigador e ensaísta, divulgou entre o público a figura doutros colegas como **Curros Enríquez**, **Ramón Piñeiro**, **Otero Pedrayo** ou **Vicente Risco**.

Este último, ensaísta e escritor ten a sede da súa fundación en [Allariz](#), onde tamén se educaría **Alfonso X o Sabio**, en cuxa corte se compuxeron as cantigas que recollían a poesía medieval en lingua galego-portuguesa acompañadas de anotacións musicais. A súa coñecida frase «Ti dis que Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo» resume moi ben o galeguismo do que fixo gala ao longo da súa vida, formando parte do Grupo Nós e das Irmandades da Fala, ademais de publicar *O porco de pé*, *Nós os inadaptados*, *Teoría do nacionalismo galego* ou *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*. Na súa fundación poderedes contemplar o seu despacho, asistir ás diversas actividades que se programan ou consultar varias das súas publicacións, así como as súas colaboracións en diarios e revistas.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021